



Guía Docente				
Datos Identificativos				2022/23
Asignatura (*)	Enfermería Xerontolóxica	Código	661G01020	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuadrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Ciencias da Saúde			
Coordinación	Garcia Martinez, Carmen Maria	Correo electrónico	maria.garciam@udc.es	
Profesorado	Garcia Martinez, Carmen Maria	Correo electrónico	maria.garciam@udc.es	
Web	campusvirtual.udc.gal/			
Descrición xeral	A Materia de Enfermería Xerontolóxica ten como meta que o estudante adquira coñecementos, habilidades e actitudes sobre a problemática bio-psico-social dos maiores, o que o capacitará para dar coidados integrais de fomento da saúde, prevención da enfermidade, recuperación e rehabilitación física e social, así como o coñecemento das causas e das consecuencias do envellecemento individual e poboacional.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Describir e utilizar conceptos relevantes sobre os procesos de envellecemento individual e colectivo tendo en conta a súa evolución e variabilidade dende unha perspectiva histórica, antropolóxica e social.	A49	B1 B2 B8	C4 C12
Elexir e aplicar adecuadamente instrumentos de valoración e escalas específicas para as persoas maiores eo seu cuidador/a, demostrando capacidade e habilidade para realizar a valoración integral dos maiores utilizando referentes teóricos e evidencias científicas	A49 A50 A51 A52	B2 B3 B8 B9 B13	C4 C11
Analizar e discutir as diferenzas entre os cambios normais asociadas ao envellecemento de aqueles que son consecuencia dos procesos patolóxicos, relacionando estes cambios ca satisfacción das necesidades básicas.	A49 A50 A51 A52	B1 B2 B3 B8 B9 B13	C4 C10
Identificar os procesos de alteración da saúde mais prevalentes nas persoas maiores no medio comunitario e hospitalario, planificando e prestando coidados de enfermaría a través dun modelo enfermeiro e un proceso de intervención baseado na linguaxe estandarizada (NANDA, NIC, NOC)	A49 A50 A51 A52	B1 B2 B3 B8 B9 B13	C4 C11
Describir e analizar os distintos niveis e servizos asistenciais sanitarios e sociais identificando os recursos sociais existentes na comunidade e describindo como han de usarse tendo en conta ás necesidades das persoas maiores	A49 A52	B1 B2 B3 B9 B13	C4 C10 C11 C12



Promover estilos de vida saudable e auto-coidado, apoiando o mantemento de comportamentos preventivos e terapéuticos que promovan a independencia, na satisfacción das necesidades básicas humanas e melloren a calidade de vida na vellez, describindo o medio ambiente axeitado para o benestar e protección dos maiores	A49	B1	C4
	A50	B2	C10
	A51	B3	C12
	A52	B8	
		B9	
		B13	

Contidos	
Temas	Subtemas
Unidade Didáctica I: Conceptos e Xeneralidades relacionados ca vellez	Tema 1. Conceptos Xerais Tema 2. Proceso de Envellecemento e Teorías Tema 3. Demografía da ancianidade
Unidade Didáctica II: Aspectos sociais, antropolóxicos e económicos do envellecemento	Tema 4. Socioloxía da ancianidade Tema 5. Aspectos Económicos da vellez Tema 6. Entorno arquitectónico na calidade de vida das persoas maiores
Unidade Didáctica III: A persoa maior san. Necesidades Básicas humanas asociadas ao proceso do envellecemento.	Tema 7. Concepto de anciano san e anciano fráxil Tema 8. Valoración de enfermería a persoa maior Tema 9. Necesidade de osixenación Tema 10. Necesidade de alimentación Tema 11. Necesidade de eliminación Tema 12. Necesidade de movemento Tema 13. Necesidade de descanso e soño Tema 14. Necesidade de manter a temperatura corporal Tema 15. Necesidade de Comunicarse e de expresión sexual.
Unidade Didáctica IV: A persoa maior enferma. Características das enfermidades no ancián. Procesos patolóxicos mais frecuentes	Tema 16. Características das enfermidades do ancián Tema 17. Terapéutica no ancián Tema 18. ACV Tema 19. Parkinson Tema 20. As Demencias
Unidade didáctica V: A atención sociosanitaria en España	Tema 21: Recursos formais e informais no coidado da persoa anciá con problemas de saúde y/o dependencia

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A49 A50 A51 A52 B1 C4	26	26	52
Estudo de casos	A49 A50 A51 A52 B1 B2 B3 B8 B9 B13 C10 C11 C12	14	21	35
Traballos tutelados	A49 A50 A51 A52 B1 B3 B8 B13 C4 C10 C11 C12	1	10	11
Proba mixta	A50 A51 A52 A49 B2 B8 B9 B13 B3 C10	2	28	30
Análise de fontes documentais	A49 A50 A51 A52 B1 B3 B8 B9 C4	2	5	7



Proba obxectiva	A49 A50 A51 A52 B1 B2 B8 B9 B13 C4 C10	1	10	11
Actividades iniciais	C4	2	0	2
Atención personalizada		2	0	2

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe. A clase maxistral é tamén coñecida como "conferencia", "método expositivo" ou "lección maxistral". Esta última modalidade sóese reservar a un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia.
Estudo de casos	Metodoloxía onde o suxeito se enfrenta ante a descrición dunha situación específica que suscita un problema que ten que ser comprendido, valorado e resolto por un grupo de persoas, a través dun proceso de discusión. O alumno sitúase ante un problema concreto (caso), que lle describe unha situación real da vida profesional, e debe ser capaz de analizar unha serie de feitos, referentes a un campo particular do coñecemento ou da acción, para chegar a unha decisión razoada a través dun proceso de discusión en pequenos grupos de traballo.
Traballos tutelados	Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do profesor e en escenarios variados (académicos e profesionais). Está referida prioritariamente ao aprendizaxe do "cómo facer as cousas?". Constitúe unha opción baseada na asunción polos estudantes da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe. Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor-tutor.
Proba mixta	Proba que integra preguntas tipo de probas de ensaio e preguntas tipo de probas obxectivas. En canto a preguntas de ensaio, recolle preguntas abertas de desenvolvemento. Ademais, en canto a preguntas obxectivas, pode combinar preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación.
Análise de fontes documentais	Técnica metodolóxica que supón a utilización de documentos audiovisuais e/ou bibliográficos (fragmentos de reportaxes documentais ou películas, noticias de actualidade, paneis gráficos, fotografías, biografías, artigos, textos legislativos, etc.) relevantes para a temática da materia con actividades especificamente deseñadas para a análise dos mesmos. Pódese empregar como introdución xeral a un tema, como instrumento de aplicación do estudo de casos, para a explicación de procesos que non se poden observar directamente, para a presentación de situacións complexas ou como síntese de contidos de carácter teórico ou práctico.
Proba obxectiva	Tratarase dunha "proba de coñecemento dos temas" a través de metodoloxía on line co fin de facer avaliación continua.
Actividades iniciais	Actividades que se levan a cabo antes de iniciar calquera proceso de ensino-aprendizaxe a fin de coñecer as competencias, intereses e/ou motivacións que posúe o alumnado para o logro dos obxectivos que se queren alcanzar, vinculados a un programa formativo. Con ela preténdese obter información relevante que permita articular a docencia para favorecer aprendizaxes eficaces e significativos, que partan dos saberes previos do alumnado.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



Sesión maxistral Traballos tutelados Proba mixta Proba obxectiva	<p>A atención personalizada relacionada cos traballos ten como finalidade orientar os estudantes na realización dos traballos. O seguimento farase de forma individual ou en pequenos grupos, de forma presencial ou a través do correo electrónico, moodle ou da plataforma Teams.</p> <p>A atención personalizada relacionada coa proba mixta e coa lección maxistral ten como finalidade atender as consultas do alumnado relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa materia. Farase de forma individualizada, de modo presencial ou a través do correo electrónico, moodle ou da plataforma Teams.</p> <p>A atención personalizada relacionada coa proba obxectiva ten como finalidade orientar os estudantes na realización da mesma. O seguimento farase de forma individual ou en pequenos grupos, ben de maneira presencial ou a través do correo electrónico. moodle ou da plataforma Teams.</p>
---	---

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Estudo de casos	A49 A50 A51 A52 B1 B2 B3 B8 B9 B13 C10 C11 C12	<p>A asistencia e participación activa na aula a través dos grupos de traballo, onde se avaliará a adquisición de competencias, suporá o 10% da cualificación final. A avaliación farase tendo en conta, fundamentalmente, os seguintes criterios: valoración por necesidades básicas, Razoamento diagnóstico e planificación de resultados e intervencións de enfermaría.</p> <p>Entregarase unha rúbrica ao estudantado cos criterios de avaliación.</p> <p>A asistencia a os grupos de traballo será obrigatoria.</p>	10
Traballos tutelados	A49 A50 A51 A52 B1 B3 B8 B13 C4 C10 C11 C12	<p>A realización dos traballos tutelados será obrigatoria. Puntuará sobre un mínimo de 0 e un máximo de 10. Suporá o 20% da cualificación final. Para a avaliación dos traballos seguiranse criterios de calidade sobre: presentación, estrutura, contidos, bibliografía e exposición oral, de se realizar.</p> <p>Entregarase unha rúbrica ao estudantado cos criterios de avaliación do traballo tutelado.</p>	20
Proba mixta	A50 A51 A52 A49 B2 B8 B9 B13 B3 C10	<p>Proba escrita con pregunta curta, tipo test e a resolución de casos prácticos para avaliar, fundamentalmente, a aprendizaxe das competencias.</p> <p>Sendo condición indispensable para superar a materia haber superado o examen con nota igual o superior a un 5 sobre 10. Esta proba suporá o 60% da cualificación final.</p>	60
Proba obxectiva	A49 A50 A51 A52 B1 B2 B8 B9 B13 C4 C10	<p>Probas de coñecemento dos temas: Realizarase 1 proba por un ou varios temas, será tipo test, con 4 opcións de resposta, a través da plataforma Forms, relacionada con coñecementos dos temas.</p> <p>Para a superación da materia será necesario a entrega do 100% das probas propostas.</p> <p>Se non acadase o 100% da entrega dos test propostos impedirá a superación da materia.</p>	10

### Observacións avaliación



Os criterios de avaliación da segunda oportunidade (xullo) serán os mesmos cos da primeira oportunidade (febreiro).

- As probas superadas na primeira oportunidade (febreiro) conservaranse só para a segunda oportunidade (xullo).
- Os estudantes con matrícula a tempo parcial e os que soliciten adianto de oportunidade, acolleranse á modalidade de exame de proba mixta que constará de preguntas curtas e estudos de casos, e suporá o 100% da nota.
- Os estudantes que opten a matrícula de honra deberán ter unha cualificación superior a 9 na proba mixta e ter superadas o resto de metodoloxías coa nota máxima.
- Matrícula de honra: será outorgada automaticamente aos estudantes que alcancen maior cualificación, sempre que sexa igual ou superior a 9,0. No caso de que exista maior número de estudantes que matrículas de honra asignadas á materia, adxudicaranse ós estudantes con mellor nota media nos estudos de casos e traballos tutelados, no caso de coincidir as cualificacións dos estudos de casos e traballos tutelados adxudicaranse ós estudantes con mellor nota da proba mixta.
- Os estudantes que non presenten os estudos de casos e/ou traballo tutelado e/o probas objectivas, obterán un no presentado, aínda que realicen a proba mixta.
- Non presentado: no acta de cualificacións figurará como non presentado (NP) aquel estudante que non se presente a proba mixta final.
- A expulsión dunha proba de avaliación implicará a cualificación de suspenso (nota numérica de 0) na convocatoria da materia.
- A entrega dos traballos tutelados, farase a través da plataforma Moodle na tarefa asignada.
- Na realización dos traballos tutelados, o plaxio e a utilización de material non orixinal, incluído aquel obtido a través de Internet, sen indicación expresa da súa procedencia e, se é o caso, o permiso do seu autor/a, poderá ser considerada causa de cualificación de suspenso na actividade.

Fontes de información



**Bibliografía básica**

- Enfermería Clínica (). .
  - Nursing. Edición española (). .
  - Gerokomos (). .
  - Revista Española de Geriatría y Gerontología (). .
  - American Journal of Nursing (). .
  - Abizanda Soler P, Cano Gutierrez C. et al. (2020). Medicina Geriátrica, una aproximación basada en problemas.2ª ed.. Madrid: Elsevier;
  - Abizanda Soler P, Rodríguez Mañas L. (2020). Tratado de Medicina Geriátrica. Fundamento de la atención sanitaria a los mayores.2ª ed.. Barcelona: Elsevier
  - Agüera Ortiz L, Martín Carrasco M, Sánchez Pérez M. (2021). Psiquiatría Geriátrica. 3ª ed.. Barcelona: Elsevier.
  - Bermejo C, Rodríguez J (2017). Manual terapéutico en Geriatria. 2ª ed. Madrid: Editorial Médica PANamericana
  - Howard K. Butcher, ...[et al.] 7ª ed (2019). Clasificación de intervenciones de enfermería (NIC). Barcelona : Elsevier,
  - Charlotte Eliopoulos (2019). Enfermería Geriátrica y Gerontológica.9ª ed.. Barcelona: Wolters Kluwer
  - Cifu DX, LewHL, Oh-Park M. (2019). Rehabilitación Geriátrica. Barcelona: Elsevier.
  - D`Hyver, Gutierrez Robledo LM. (2014). Geriatria. 3ª ed.. México: Editorial El Manual moderno
  - García Meilán JJ, Criado Gutierrez JM. (2017). Enfermedad de Alzheimer y otras demencias neurodegenerativas. Barcelona: Elsevier.
  - García Hernández M, Medina Aragón F J, Gallo Estrada J. (2011). Atención enfermera en los grandes síndromes geriátricos. Madrid: Fuden
  - García Hernández M, Martínez Sellares R. (2012). Enfermería y Envejecimiento. Barcelona: Elsevier Masson;
  - Gómez Batiste- Alentorn X, Amblàs Novellas j, Lasmarías Martínez C, Calsina-Berna A. (2017). Manual de atención integral de personas con enfermedades crónicas avanzadas: aspectos clínicos.. Barcelona: Elsevier.
  - Guillén Llera F, Pérez del Molino Martín J, Petidier Torregrosa R. (2008). Síndromes y cuidados en el paciente geriátrico. 2ª ed. Barcelona: Elsevier Masson;
  - Luis Rodrigo MT. (2013). Los Diagnósticos Enfermeros. Revisión crítica y guía práctica. 9ª ed. Barcelona: Masson;
  - Millán Calenti (2011). Gerontología y Geriatria. Valoración e intervención. Madrid:Médica Panamericana
  - MOORHEAD S, JOHNSON M, MAAS ML, SWANSON E (2018). Clasificación de resultados de enfermería (NOC) : medición de resultados en salud Edición 5ª ed . Madrid: Elsevier
  - Heather Herdman T (2021). Diagnósticos Enfermeros: Definiciones y Clasificación 2021-23. Barcelona: Elsevier España S. L
  - Rodríguez García R, Lazcano Botello G.A (2011). Práctica de la Geriatria. 3ª ed.. México: McGraw-Hill. Interamericana
  - Suñer Soler R. (2014). Tratado de Enfermería Neurológica. La persona, la enfermedad y los cuidados. 3ª ed.. Barcelona: Elsevier.
  - Willians PA. (2020). Enfermería Geriátrica. 7ª ed.. Barcelona: Elsevier.
- Enlaces de interés:  
<https://www.nice.org.uk/guidance/ng97>  
<https://www.nice.org.uk/guidance/ng71/resources/parkinsons-disease-in-adults-pdf-1837629189061>  
<https://www.nice.org.uk/guidance/ng97/resources/dementia-assessment-management-and-support-for-people-living-with-dementia-and-their-carers-pdf-1837760199109>  
<http://www.fisterra.com/>  
<https://www.fisterra.com/guias-clinicas/paciente-confuso>  
<https://www.fisterra.com/guias-clinicas/enfermedad-parkinson>  
<https://www.fisterra.com/guias-clinicas/demencia-tipo-alzheimer>  
[https://portal.guiasalud.es/uploads/2018/12/GPC\\_561\\_Enfermedad\\_Parkinson.pdf](https://portal.guiasalud.es/uploads/2018/12/GPC_561_Enfermedad_Parkinson.pdf)  
[https://portal.guiasalud.es/uploads/2018/12/GPC\\_484\\_Alzheimer\\_AIAQS\\_compl.pdf](https://portal.guiasalud.es/uploads/2018/12/GPC_484_Alzheimer_AIAQS_compl.pdf)

**Bibliografía complementaria**

**Recomendacións**



## Materias que se recomenda ter cursado previamente

Anatomía/750G01001  
Psicoloxía/750G01003  
Fundamentos da Enfermaría/750G01007  
Nutrición/750G01009  
Farmacoloxía/750G01011  
Ética profesional, marco legal e filosofía do coidado/750G01016  
Estancias Clínicas I/750G01025  
Estancias Clínicas II/750G01026  
Enfermaría Clínica I/750G01034  
Enfermaría Clínica II/750G01035  
Fisioloxía/750G01105

## Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Enfermaría clínica III/750G01017  
Enfermaría Comunitaria II/750G01019  
Estadías Clínicas III/750G01027

## Materias que continúan o temario

## Observacións

Esta materia ten en conta recomendación de :SOSTENIBILIDADE MEDIO AMBIENTE, PERSOA E IGUALDADE DE XENERO:- A entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia, realizarase a través de Moodle, en formato dixital sen necesidade de imprimilos.-Na realización dos traballos tutelados, o plaxio e a utilización de material non orixinal, incluído aquel obtido a través de Internet, sen indicación expresa da súa procedencia e, se é o caso, o permiso do seu autor/a, poderá ser considerada causa de cualificación de suspenso na actividade.- Teranse en conta os principios éticos relacionados cos valores da sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais.- Atendendo ás distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria, nesta materia terase en conta a perspectiva de xénero velando pola non utilización dunha linguaxe sexista na aula, nos documentos desenvolvidos na materia e nas actividades clínicas realizadas co alumnado.- Traballarase para identificar e modificar prexuizos e actitudes sexistas dentro da aula ou no contexto clínico, influíndo na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade.- Prestará especial atención en detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corrixilas.- Facilitarase a plena integración do alumnado que por razón físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso idóneo, igualitario e proveitoso á vida universitaria.

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías